



ASUNTO: EMENDAS A DOCUMENTACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE PERCEBE AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DENTE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LIRA APROBADO PARA O ANO 2019.

O 27 de setembro de 2019 (con data de publicación do 30/09/2019), emítese dende a Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña a resolución de apertura do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dente embarcación, da confraría de pescadores de Lira aprobado para o ano 2019.

Unha das embarcacións presentadas a esta convocatoria é a embarcación NUEVA GIRALDA 3ª CO-4-5-04 de Santiago Blanco Lojo e Antonio Goyanes Piñeiro. Esta embarcación ten o porto base en Camelle (Z6) e esta asociada a confraría de Camelle. Polo que unha vez baremadas as embarcacións, a obtención da modalidade de percebe en esta embarcación quedara supeditada a realización do procedemento PE401G de cambio de porto base de Camelle a Lira.

A embarcación non reúnen os requisitos establecidos polo que requíreselle aos titulares do permiso de explotación que as emenden:

- Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.
- Si o solicitante estivo enrolado como percebeiro en embarcacións incluídas nos plans de percebe debera presentar os despachos da embarcación Los Pepes uno CO-6-1-04 coa tripulación enrolada nelas os 2 anos anteriores a convocatoria.
- Debera presentar os despachos da embarcación Nueva Giralda CO-4-5-04, coa tripulación enrolada nelas os 2 anos anteriores a convocatoria, para a valoración das vendas da embarcación e do período de actividade da embarcación.

Polo tanto, e segundo o artigo 68 de Emenda e mellora das solicitudes, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: *“se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos requírase o interesado para que, nun **prazo de dez días**, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21..”*

O A Coruña, 30 de outubro de 2019

A xefa da Sección de Pesca

Eugenia Rodríguez Moscoso

